




Foto XOSÉ ABAD

NOTAS SOBRE A SITUACION CULTURAL GALEGA

1) Onde quizá sexa máis explícito o carácter conflitivo da cultura galega é no eido da lingua. Se esta nunca debe ser considerada sinxelamente como un código funcional para a comunicación, lonxe das relacións sociais, no caso galego exemplariza nididamente o proceso, particularmente agudo desde o Renacemento, de instauración dunha orde económica, política e social exótica, que vai sendo máis explícita a medida que o Estado español se vai consolidando. A xerarquización que situa ao “español” no terreo do nobre, o civilizado, o apto, acada-se através dun longo proceso de ideoloxización no que os poderes políticos, explicitamente, introducen o idioma do Estado e atrancan o próprio, até chegar á actual situación, na que a postración da lingua e a cultura nacionais a respecto das oficiais é mostrada como un cadro “obxectivo” a ter en conta para calquer inciativa afirmadora do autóctono; inciativas que en canto superan o marco instituído que asoleira na situación de facto, son calificadas de ilusórias, acientíficas ou radicais, cabendo mesmo a posibilidade de que entren na agra do puníbel.

2) A concepción cultural española foi sempre unitarista, e nen sequer é preciso recurrir á historia para probá-lo. Aínda hoxe falar de poesía, historia, teatro ou filosofía, connota co español, e o problema non é que o feito cultural galego sexa aceptado ou non na península, senón que sexa asumido polos propios galegos, aos que un proceso de colonización secular fixo cidadanos alienados. Hoxe, paseniñamente, a cultura galega vai perdendo o seu carácter ruralizante, pintoresco, estereotipado, que a caracterizou durante moitos anos, pero dista moito da *normalidade*. Ás fontes tradicionais de agresión viñeron engadir-se novas técnicas e medios sofisticados. Poderosos, ademáis, para chegar a unha verdadeira desfeita, a un xenocidio cultural. Así pois, o debate sobre a cultura galega, do que tantas veces se fala, non pode ubicar-se na crítica ao uso noutras áreas, e cuestións como o carácter de clase, a industria cultural, etc., deben ceder o seu papel a asuntos que teñen máis que ver coa vontade de subsistencia. Menos que en ningún outro lugar pode entender-se aquí a cultura como un coñecemento abstracto, nen como un inxel amor ao saber ou motivo de particular goce estético.

No proceso xeral de creba dos valores tradicionais e de penetración cultural exótica, compre reparar no consumismo proposto polo sistema e criador dunha pura ilusión: a de estar participando nos bens culturais, ilusión lograda a base de signos e ritos capaces de transmitir a certidume de estar optando libre e individualmente, cando o único que sucede é que se consumen “bens de formación cultural que, por neutralizados e petrificados, axudan a manter-se na súa postura a aqueles para os que nada hai demasiado caro”. As diferéncias culturais manteñen-se pois que, realmente, o que o sistema propón para manter o sentimento participativo é subcultura.

EDUARDO GUTIÉRREZ (Ribadeu, 1948). *Mora na mesma*.

Profesor e animador cultural (Asoc. Fco. Lanza), director teatral e político.

Ensaio: *A lingua é o noso escudo*.

Edición e notas a *Falan os de Ribadeo*, de Fco. Lanza.